

**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE  
APRENDIZAJE, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE  
AVALIACIÓN, MÍNIMOS EXIGIBLES E TEMPORALIZACIÓN EN EPVA  
3º ESO**

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Instrum. Avaliac			Mínimos exixibles	Temporali
					SD/ ACT	PO	CA		
Bloque 1. Expresión plástica									
b c d f g n	B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	CAA	X			Crear composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos.  • Aplicar métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico ou deseños de produto.	2 sesión de explicación dos procesos. A práctica se desenvolverá en todos os traballos feitos durante o curso
			EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	CSIEE	X		X		
b d f g n	B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	CSIEE	X		X	Reflexionar e avaliar, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	
a c d f n	B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.  B1.4. O bosquexo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.	B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	CCEC	X		X	Comprender e empregar os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	3 sesións

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso										
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Instrum. Avaliac			Mínimos exixibles	Temporalidade	
a c d f n	B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. B1.6. Temperatura da cor. B1.7. Simbolismo da cor.	B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	CSIEE		X	X	X	Realizar modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar	2 sesións
			EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	CSC		X	X		Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	3 sesións
			EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	CSIEE		X			Realizar composicións abstractas nas que se expresen sensacións por medio do uso da cor.	4 sesións
b c f g n	B1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CCL		X		Utilizar con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade	4 sesións de explicación dos procesos. A práctica se desenvolverá en todos os traballos feitos durante o curso	
			EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	CCEC		X		• Crear composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de grafito ou cor de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas		

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Instrum. Avaliac			Mínimos exixibles	Temporali
			EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinxeis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	CCEC		X		<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar composicións con técnicas húmedas(témpera, acu arela)experimentan do coa técnica e as súas posibilidades expresivas</li> <li>Utilizar o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</li> <li>Aproveitar materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</li> <li>Mantér o espazo de traballo e o material en orde e estado perfectos, e achegalo á aula cando sexa necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	
			EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	CAA		X			
			EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	CSIEE		X			
			EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	CSC		X			
			EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC		X			

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Instrum. Avaliac			Mínimos exixibles	Temporali
	Bloque 2. Comunicación audiovisual								
a d f	B2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo. B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.	B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.	EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	CAA			X	Analiza as causas polas que se duce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	1 sesión
a n	B2.3. Ilusións ópticas. B2.4. Leis ou principios da Gestalt.	B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	CSC		X	X	Identificar e clasificar ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	1 sesións
			EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	CCEC		X		Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	1 sesións
e g o	B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.	B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.	EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	CD		X		Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	4 sesións
a c d f h	B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	B2.4. Identificar significante e significado nun signo visual.	EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.	CCL			X		
a c f h	B2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. B2.8. Denotación e connotación.	B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	CCL	X		X	Analizar unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva identificando os elementos de	2 sesións

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Instrum. Avaliac			Mínimos exixibles	Temporalidade
ñ		connotativo.	EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	CCEC		X	X	significado e ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	
e   n ñ o	B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.	B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	CCL	X	X	X	Realizar fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas	3 sesións
			EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	CD	X	X			
a c d e h	B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.	B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	CCL	X		X	Elaborar en equipo un anuncio publicitario con medios audiovisuais	3 sesións
a c d e o	B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	CSC	X		X	Identificar os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	1 sesión

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso										
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Instrum. Avaliac			Mínimos exixibles	Temporal	
a c d e o	B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.	B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.	EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	CCL		X		X	Deseñar unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	2 sesións
a c d f h i	B2.13. Cine. O cine como medio de comunicación.	B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.	EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	CCEC		X	X	X	Analizar a narrativa en relación coa mensaxe dun fragmento dunha obra cinematográfica	3 sesións
e g i	B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.	B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	CD		X			Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	Esta actividade se desenvolverá nas sesións dedicadas á fotografía e a anuncio publicitario
Bloque 3. Debuxo técnico										
b f g	B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	B3.1. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	CCL				X	Non	1 sesión
b f	B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos	B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e	EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco	CAA			X	X	Clasificar correctamente calquera polígono de tres a cinco lados,	1 sesión

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Instrum. Avaliac			Mínimos exixibles	Temporalidade
n	polígonos.	os irregulares.	lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.					diferenciando claramente se é regular ou irregular	
b f n	B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.	B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	CMCCT	X	X	X	Construír correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	4 sesións
b e f g	B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.	B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	CMCCT	X	X	X	Resolver correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	4 sesións
			EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	CA	X	X	X	Resolver correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	
b e f g	B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.	B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	CMCCT	X	X	X	Construír correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior, o menor ou ambos.	1 sesións
b f o	B3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.	B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.	EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	CSIEE	X		X	Construír o ovoide coñecido o eixe menor, o eixe maior ou ambos.	1 sesión
b f g n	B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.	B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	CMCCT	X	X	X		1 sesións



Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso										
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Instrum. Avaliac			Mínimos exixibles	Temporalidade	
b f g n	B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular. B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.	B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.	EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	CD		X		Executar deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	2 sesións	
b f n o	B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivados. Vistas diédricas dun sólido.	B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.	EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	CMCCT		X	X	X	Debuxar correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	2 sesións
b f n o	B3.11. Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.	B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.	EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	CMCCT		X	X	X	Construír a perspectiva cabaleira de prismas, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	2 sesións
b f n o	B3.12. Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.	B3.11. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.	EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	CCEC		X	X	X	Realizar perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas	2 sesións

## OBXECTIVOS EN 3º ESO

1. Recoñecer os elementos básicos da linguaxe visual e audiovisual e os códigos propios de cada medio de comunicación.
2. Diferenciar os principios de percepción utilizados para as distintas finalidades das mensaxes visuais.
3. Distinguir e empregar recursos gráficos e dixitais para expresar as propias sensacións, emocións e ideas.
4. Recoñecer os elementos básicos da linguaxe audiovisual: son e imaxe en movemento.
5. Diferenciar as características da linguaxe cinematográfica, televisiva e das novas creacións audiovisuais na arte.
6. Distinguir e empregar recursos gráficos e dixitais para expresar as propias sensacións, emocións e ideas.
7. Diferenciar as calidades das formas, clasificalas e debuxar con diferentes graos de iconicidade.
8. Valorar a importancia expresiva das formas na linguaxe plástica e visual, e a maneira en que estas foron interpretadas polos principais estilos artísticos.
9. Apreciar o sentido das formas nos traballos artísticos e aplicalo con coñecemento nas súas propias obras.
10. Coñecer os principais elementos plásticos dunha obra e valorar a súa importancia expresiva e compositiva.
11. Representar composicións plásticas que expresen diversas sensacións a partir da organización dos elementos fundamentais.
12. Desenvolver un sentido estético da composición a través da lectura de imaxes e da propia expresión plástica.
13. Distinguir a natureza e a percepción da cor luz e da cor pigmento para realizar determinadas combinacións cromáticas.
14. Coñecer as relacións existentes entre as cores para poder apreciar as posibilidades expresivas da linguaxe cromática: harmonías de cor e valor expresivo.
15. Apreciar o sentido da cor nos traballos artísticos e aplicalo con coñecemento nas súas propias obras.
16. Coñecer as calidades da luz como elemento plástico expresivo na arte.
17. Representar luces e sombras para crear distintas sensacións nunha imaxe e para dar volume ao plano mediante diferentes procedementos.
18. Apreciar o sentido da luz sobre as formas e os volumes nos traballos artísticos, e aplicalo con coñecemento nas súas propias obras.
19. Aprender os conceptos básicos sobre composición de acordo cos elementos, recursos e leis presentes nunha obra artística, e recoñecer a orde compositiva do seu contorno.
20. Analizar e empregar distintos esquemas e ritmos compositivos, e estudar as formas e a súa disposición no espazo que se vai compoñer.
21. Comprender como pode empregarse o peso visual en diversas composicións plásticas.
22. Coñecer e debuxar os principais trazados xeométricos e utilízalos en composicións de debuxo técnico e artístico.
23. Identificar e empregar as formas poligonais, curvas e tanxencias nas composicións plásticas.
24. Apreciar a importancia do debuxo técnico na construción, o deseño e na arte.
25. Sinalar diferentes relacións de proporcionalidade entre figuras, manexar escalas de gráficas e deseñar redes modulares.

26. Apreciar a importancia da proporción na arte, na arquitectura e noutras manifestacións do contorno, e aplicala ás creacións propias.
27. Expresarse con creatividade utilizando as técnicas e os esquemas requiridos, e transmitindo emocións ou sentimentos individuais e do grupo.
28. Observar e recoñecer os recursos xeométricos básicos para representar o espazo tridimensional, e valorar a súa importancia.
29. Utilizar o sistema diédrico e o sistema axonométrico, e desenvolver procedementos para representar a profundidade espacial en composicións xeométricas.
30. Aplicar os trazados de perspectivas a creacións e valorar o seu uso en representacións artísticas.
31. Observar e recoñecer os recursos xeométricos básicos para representar o espazo tridimensional, e valorar a súa importancia.
32. Aplicar os trazados das perspectivas a creacións e a representacións artísticas, e valorar o alcance da sistematización da perspectiva cónica na arte.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

Terase en conta para calificar:

- **TRABALLOS PRÁCTICOS.** Calificarase, según o tipo de actividades, o seguinte:
  - Concordancia e adecuación co pedido.
  - Creatividade e orixinalidade.
  - Limpeza e precisión.
  - Acabado e presentación
  - Entrega na data acordada. Descontarase 0,5 por cada día de retraso na entrega
  - Grado de dificultade e esforzo persoal.
  - Grado de coñecemento das técnicas.
- **PROBAS OBXECTIVAS:** Cada exame se calificará de 0 a 10 puntos. A falta de limpeza pode baixar ata 1 punto.
- **ACTITUDE ANTE A MATERIA:** Terase en conta a participación ou interese, levar o material a clase e o respecto pola boa dinámica da mesma.
- **LIBRETA DE TRABALLO:** Na libreta de traballo recollerase os apuntes de clase, actividades diversas, resumos e anotacións de todo o relativo á marcha diaria da materia.

Por tanto, en cada avaliación, a nota quedará según o seguintes porcentaxes :

- Libreta de clase 10%
- Traballos prácticos 40%
- Probas obxectivas.40%. En caso de non haber probas obxectivas nunha avaliación, os traballos prácticos supoñerán o 80% da nota .
- Actitude na materia 10%. ( Participación 3%, levar o material 4% e respecto polas normas da aula 3%)

### **Presentación da libreta**

- É obrigatorio escribir a data e o enunciado dos exercicios (ou polo menos, facer referencia ao que pide cada un deles).
- Teranse moi en conta marxes, signos de puntuación, caligrafía e ortografía.

## **AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA**

*Para a nota final na avaliación ordinaria en xuño*, farase a media aritmética das tres avaliacións, tendo en conta a progresión favorable do alumno na terceira. A media ten que ser polo menos de 5 puntos.

*Para a avaliación extraordinaria en setembro*, o alumno deberá facer determinados traballos prácticos durante o verán e un control dos contidos da materia. Os traballos deberán presentarse o día do control. A nota final de setembro será a media entre o obtido no control e a globalizada dos traballos prácticos. (50% exame, 50% traballos)

## PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CA (Caderno)

SD (Seguimento diario)

ACT (Actividades para facer o alumno/a)

Se observan os seguintes instrumentos de avaliación:

– **Exploración inicial**

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese realizar unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para comprobar os coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias de afondamento; e para o alumno, para informalo sobre o seu grao de coñecemento de partida. O faremos a través dunha avaliación inicial.

– **Caderno do profesor para o seguimento diario.**

Consistirá no seguimento personalizado, onde se anoten todos os elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento en tarefas propostas, participación, conduta, resultados das probas e traballos, etc.

Para completar o caderno do profesor será necesaria o seguimento diario, supervisar o caderno ou carpeta do alumno, tomar nota das súas intervencións e anotar as impresións obtidas en cada caso. Entre os aspectos que precisan dunha observación sistemática e análise de tarefas destacan:

- **Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.
- **Participación nas actividades da aula**, como debates, postas en común..., que son un momento privilexiado para a avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumnado.
- **Traballo, interese, orde e solidariedade dentro do grupo.** Respecto polas normas da aula.
- Observación de que o alumno trae o material necesario a clase .
- **Caderno da clase**, no que o alumno anota os datos das explicacións, as actividades e exercicios propostos. Nel consignaranse os traballos escritos, desenvolvidos individual ou colectivamente na aula ou fóra dela, que os alumnos deban realizar a petición do profesor. O uso da correcta expresión escrita será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno. A súa actualización e corrección formal permiten avaliar o traballo, o interese e o grao de seguimento das tarefas do curso por parte de cada alumno e axudará a valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza deste.

### - **Probas obxectivas**

Deben ser o máis variadas posibles, para que teñan unha maior fiabilidade. Poden ser orais ou escritas e, á súa vez, de varios tipos:

De información: con elas pódese medir a aprendizaxe de conceptos, a memorización de datos importantes, etc.

De elaboración: avalían a capacidade do alumno para estruturar con coherencia a información, establecer interrelacións entre factores diversos, argumentar lóxicamente, etc. Estas **tarefas competenciais** perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián.

De investigación:.

Traballos individuais ou colectivos sobre diversos temas.

#### – **Rúbricas de avaliación:**

- Rúbricas para a avaliación de cada unidade didáctica e as actividades da mesma.
- Rúbricas para a autoavaliación do alumno.

## **RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PENDENTES**

Os mecanismos de recuperación están en función de todo o anteriormente exposto. Entendemos que cada alumno debe recuperar aquilo no que non logrou os obxectivos propostos, de modo que:

- a) Deberá facer ou rectificar aqueles traballos que non fixo no seu momento ou fixo de modo non satisfactorio.
- b) Deberá volver estudar os contidos se esa é a súa insuficiencia.

Para recuperar as avaliacións pendentes, o alumno deberá entregar os traballos que non fixo ou que estaban suspensos na avaliación. Haberá, tamén, un exame sobre a materia . Este exame terá lugar ao inicio da seguinte avaliación. O alumno pode preguntar en clase ou en horas pactadas, as dúbidas ou problemas para corrixir os traballos. Os traballos contarán o 45% da nota de recuperación, e o axame contará o 45%. A actitude na materia, o 10%. Caso de que a recuperación consista só na entrega de traballos, e non haxa exame, a nota dos traballos contarán o 90% da nota final.